

A rapa das bestas

A rapa das bestas é un rito ancestral que se alonga a través dos tempos (dende mediados do século XVII) na Galiza (España).

O Cabalo Galego vive en semiliberdade nos montes galegos formando pequenas greas.

Unha vez ao ano, os gandeiros, xúntanos e lévanos a un curro -cercado xeralmente de forma circular- para desparasitalos, cortarles as crinas, separar e marcar os poldros coa finalidade de poder vendelos para a produción de carne ou para traballos agrícolas e, o resto deles, volver ao monte.

Esta actividade secular de mantemento, control, hixienización e marcaxe, convértese na actualidade nunha festa que, cada ano, atrae a moita xente chegada de calquera parte do mundo.



Pequeno diccionario

Aloitador/a: Persoa que, coa súa forza (ou axudados dun lazo) trata de suxeitar e inmovilizar ou derrubar as bestas ou os garañóns.

Crinas: Pelos longos do pescozo ou rabo dos cabalos e bestas.

Curro: Cercado xeralmente de forma circular.

Garañón: Cabalo macho xefe e guía dunha grea.

Grea: Conxunto de bestas, poldros e cabalos.

Rapar: Acción de cortar as crinas.

O autor:

José López "Jolope"

e-mail: o_loureiro50@yahoo.es

<http://flickr.com/photos/23327985@N08/>

<http://www.jolope.hispabase.com>



Foto: Pedro G. Livada (A3, A)

A exposición:

"**A rapa das bestas**" é o relato en imaxes, do lugar e os protagonistas, así como, de parte das accións que se levan a cabo nun "curro" durante a rapa.

Están recollidas en Amil-Moraña (PO), Candaoso-Viveiro (LU) e Sabucedo-A Estrada (PO).

As imaxes tratan de reflectir o agarimo, a valentía, a forza, a bravura... en definitiva, algúns dos momentos máis chamativos deste rito e costume ancestral trasladado aos nosos días.

Lugares e datas dalgúns "curros"

Rapa	Lugar	Mes	Data
Sabucedo	A Estrada (PO)	Xullo	1º fin de semana
Carreira	Zas (A C)	Xullo	1º domingo
Candaoso	Boimente-Viveiro(LU)	Xullo	1º domingo
Xiabre	Cuntis(PO)	Xullo	2º fin de semana
Amil	Moraña (PO)	Xullo	2º domingo
Forgoselo	A Capela (A C)	Xullo	3º domingo
C. da Areosa	Vimianzo (A C)	Xullo	3º fin de semana
A Paradanta	A Cañiza (PO)	Xullo	Últ. fin semana
Santo Tomé	O Valadouro (LU)	Agosto	1º domingo
Cuspedriños	Cotobade (PO)	Agosto	1º domingo
A Escusa	Poio (PO)	Agosto	3º domingo
Campedulla	Lousame (A C)	Agosto	3º fin semana
O Pedroso	A Cañiza (PO)	Agosto	3º domingo